

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

- 4174** *Real decreto 200/2010, do 26 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1882/1978, do 26 de xullo, sobre canles de comercialización de produtos agropecuarios e pesqueiros para a alimentación e o Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.*

A lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, traspón a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (en diante, Directiva de servizos), que lles impón aos Estados membros a obriga de eliminaren todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se inclúen nos artigos 49 e 56 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFE) respectivamente, tomando como referencia o mercado europeo como marco da distribución comercial, posto que estamos ante unha economía cada vez máis globalizada e liberalizada.

Esta norma comunitaria supón un fito esencial no proceso de construción do mercado interior de servizos e a súa transposición conduce á modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retailista, para adecuar o seu contido ás exixencias de supresión de trámites innecesarios e de simplificación de procedementos administrativos no outorgamento das autorizacións pertinentes en materia de comercio. Consecuentemente, faise necesaria a adecuación de todos os desenvolvementos regulamentarios da normativa sectorial.

Con carácter xeral, as actividades de servizos de distribución comercial non deben estar sometidas a autorización administrativa previa, salvo que o pronunciamento administrativo obedeza á protección de razóns imperiosas de interese xeral que temperen as liberdades de acceso ou de exercicio do servizo, preceptuadas nos artigos 49 e 56 do TFE. As devanditas razóns deben estar ademais relacionadas coa distribución comercial, podendo citarse a protección do ambiente e o medio urbano, a ordenación do territorio e a conservación do patrimonio histórico-artístico.

Adicionalmente, a Directiva de servizos non pretende introducir modificacións en ámbitos específicos regulados de maneira expresa noutros instrumentos comunitarios. Neste caso os requisitos propios considerados na normativa específica de mención prevalecen sobre a Directiva de servizos e sempre e cando esta última non derroque aquela de xeito expreso.

En calquera dos dous casos mencionados, a Administración invariablemente debe someter os criterios e requisitos exixidos para a concesión ou denegación da autorización solicitada polo prestador a un triplo test consistente na apreciación conxunta e positiva da súa necesidade, a súa proporcionalidade e a súa non-discriminación.

Froito da devandita reflexión, e como consecuencia da adaptación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retailista, a Directiva de servizos propónse a subseguinte modificación dos desenvolvementos regulamentarios correspondentes de acordo coas seguintes liñas xerais:

Procédese á derogación do Rexistro Especial de Entidades e Centrais de Distribución de Produtos Alimenticios Perecedoiros, creado polo Decreto lei 13/1975, do 17 de novembro, polo que se aproba un programa especial de financiamento de vivendas e outras medidas conxunturais, e regulado pola Orde do 22 de maio de 1980 sobre o Rexistro

Especial de Entidades e Centrais de Distribución a que se refire o Real decreto 1882/1978, do 26 de xullo, sobre canles de comercialización de produtos agropecuarios e pesqueiros para a alimentación. Esta medida obedece ao mandato de simplificación administrativa contido na Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, toda vez que a materia regulada (alimentos perecedoiros) está suxeita á estrita ordenación comunitaria en materia de produtos alimenticios e as competencias na materia están asignadas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, cos correspondentes desenvolvementos normativos, e considerando así mesmo que as comunidades autónomas teñen competencias plenas sobre a materia de inspección e control dos produtos alimenticios, e que, en casos, as propias comunidades autónomas desenvolveron o mencionado rexistro.

Simplifícase e actualízase a regulación do Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia. O rexistro, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, é de natureza administrativa e ten carácter informativo. Aínda que a materia obxecto deste ámbito está regulada en normativa europea específica, que prevalece sobre a Directiva de servizos, utilizáronse os criterios de simplificación administrativa e omisión de trabas inxustificadas preceptuadas pola Directiva de servizos, polo que se substitúe a inscrición previa no devandito rexistro por unha obriga de comunicación de datos a posteriori. Ademais, suprímese a documentación innecesaria ou que pode obterse de oficio por parte da Administración, evitando importunar o prestador con requisitos desproporcionados e nalgúns casos de carácter discriminatorio.

Por maior abastanza, adáptase o funcionamento do rexistro ás exigencias do portelo único, para que incluso poida ser consultado polos destinatarios do servizo, os seus prestadores e os potenciais emprendedores con maior celeridade como elemento cualitativo de información, posto que tamén ofrece datos sobre certificacións de calidade e adhesión a sistemas de arbitraje, e proclámase a súa interoperabilidade, nos termos da disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. A posta á disposición de datos de forma compartida entre todas as administracións públicas poderá dar lugar a unha base censual que comprenda a totalidade dos prestadores en todo o Estado, suprimíndose o precepto que limitaba o ámbito de aplicación dos rexistros centrais unicamente a aqueles prestadores que operasen en máis dunha comunidade autónoma.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1882/1978, do 26 de xullo, sobre canles de comercialización de produtos agropecuarios e pesqueiros para a alimentación.*

O Real decreto 1882/1978, do 26 de xullo, sobre canles de comercialización de produtos agropecuarios e pesqueiros para a alimentación, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número un do artigo sexto queda redactado como segue:

«Un As centrais de distribución, a que se refire o artigo primeiro do Decreto 3624/1974, do 20 de decembro, polo que se establecen canles de comercialización complementarias e directas para os produtos alimenticios en desenvolvemento do Decreto lei 6/1974, poderán comercializar toda clase de artigos ou produtos e poderán simultaneamente a comercialización de máis dun grupo de produtos sexan ou non perecedoiros.»

Dous. O artigo sétimo queda redactado como segue:

«Os beneficios establecidos polo Real decreto 2321/1976, do 30 de xullo, sobre axudas para a implantación ou melloras de redes integradas de comercialización de orixe a destino de produtos alimenticios, estenderanse a toda clase de centrais de distribución, ademais de ás promovidas por entidades asociativas agrarias, industriais agrarias, asociacións ou agrupacións de comerciantes ou consumidores.»

Tres. O artigo oitavo queda sen contido.

Catro. O artigo noveno queda sen contido.

Cinco. Modifícase o artigo trece, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Os mercados maioristas a que se aplican as normas establecidas neste real decreto, de acordo co artigo décimo, rexeranse, calquera que sexa o seu modo de xestión, tendo en conta o respecto á protección dos consumidores e á saúde pública.

Nos mercados xestionados mediante empresa mixta municipal, as tarifas deberán cubrir o custo do servizo asegurando o seu total financiamento.

Os recursos que se obteñan na explotación dos mercados aplicaranse ao seu sostemento e a mellorar as súas condicións de comercialización.»

Seis. O artigo catorce queda redactado como segue:

«Un. No regulamento de cada mercado maiorista determinaranse os artigos cuxa comercialización poida realizarse nel, os usuarios que poidan operar naquel e a clase de operacións permitidas.

Dous. Todas e cada unha das partidas de artigos alimenticios destinadas aos mercados maioristas deberán ir acompañadas dunha declaración efectuada polo remitente ou, no seu defecto, polo transportista da mercadoría para a súa entrega ao maiorista, o cal ficará obrigado a exhibila cando sexa requirido para iso. Na mencionada declaración figurará indicación acerca de se os devanditos artigos están destinados a ser comercializados por conta propia ou comisión.

Tres. Na tramitación dos regulamentos citados no número un deste artigo será preceptivo o informe da Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Este informe entenderase favorable cando transcorran 30 días desde a remisión do regulamento sen que aquel fose emitido.»

Sete. O artigo quince queda redactado como segue:

«Un. Para a adxudicación de postos nos mercados maioristas utilizarase, sen prexuízo do previsto no artigo doce, de entre os sistemas autorizados polas disposicións vixentes, aquel que mellor garanta o equilibrio no abastecemento, a protección do consumidor e a protección da saúde pública. O procedemento de adxudicación deberá ter en conta os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

Dous. A adxudicación autorizará unicamente o seu titular, e precisamente para o exercicio da actividade para a cal foi concedida. A transmisión do dereito á utilización dos postos rexerase polo disposto nos regulamentos de cada mercado, sen prexuízo da aplicabilidade das normas do ordenamento xurídico xeral, entre outras, as de protección do consumidor e saúde pública.

Tres. As solicitudes de licenza de apertura de postos serán tramitadas polo órgano xestor do mercado para a súa concesión polo concello.»

Oito. O artigo dezaseis queda redactado como segue:

«Tanto o órgano xestor de cada mercado maiorista como os usuarios destes estarán obrigados a lles facilitar ao órgano competente na materia e aos concellos

respectivos a información relativa ás mercadorías entradas e saídas nos mercados maioristas, as condicións das transaccións realizadas neles, tanto das mercadorías adquiridas e vendidas por conta propia coma en comisión, así como, en xeral, sobre todos os aspectos relativos ao abastecemento que lles sexan solicitados.»

Nove. A disposición derradeira primeira queda redactada como segue:

«Os ministerios do Interior, de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.*

O Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Insírense tres novos parágrafos no preámbulo, que deben ser colocados no lugar inmediatamente anterior ao actual parágrafo antepenúltimo co seguinte literal:

«A incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, supón a necesidade de simplificar trámites administrativos, así como de reflexionar sobre a verdadeira e proporcional necesidade das autorizacións e as inscricións obrigatorias en rexistros, que ata entón se viñan exixindo de maneira constitutiva e previamente ao libre establecemento ou ao libre exercicio dunha actividade de servizos, todo isto en prol de dinamizar e promover un verdadeiro mercado interior de servizos sen trabas nin impedimentos, pretendéndose con isto unha maior xeración de riqueza no conxunto da Unión Europea.

Tras terse efectuado un exercicio de identificación, de análise e de avaliación profunda de toda a normativa aplicable á luz dos criterios preceptuados pola Directiva de servizos, conclúese que a inscrición obrigatoria previa no Rexistro de Vendas a Distancia non resulta proporcionada. No seu lugar, substitúese a obrigatoriedade de inscrición previa ao inicio da actividade por parte do prestador de servizos de venda a distancia por unha comunicación a posteriori no prazo de 3 meses, que lle permitirá iniciar a actividade sen que o carácter da inscrición sexa previo a ela, nin constitutivo do seu dereito de prestación do servizo.

Non obstante, o Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia mantense no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, despois de determinarse a súa compatibilidade coa directiva, por resultar un elemento cualitativo de información e consulta polos propios prestadores de servizos de vendas a distancia, posto que ofrece datos identificativos dos operadores, oferta comercial e ámbito de actividade, lugar para a remisión de queixas e suxestións, a posesión de certificacións de calidade, adhesión eventual a sistemas de arbitraje, etc. e que non vén senón complementar a investigación e o seguimento que pode facerse das empresas que operan neste nicho de mercado. Deste xeito, mantense a necesidade de comunicar os datos ao Rexistro por parte dos prestadores, ben que xa non con carácter previo nin constitutivo, de conformidade coa redacción contida no artigo 38 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.»

Dous. O artigo 1 queda redactado como segue:

«1. Este real decreto ten por obxecto regular o funcionamento do Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, previsto no artigo 38.2 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

2. O Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia é un órgano de carácter público e natureza administrativa, dependente da Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cuxo obxectivo é a obtención de información das empresas que practican a modalidade de vendas a distancia, no territorio español, así como a elaboración dun censo actualizado delas.»

Tres. A rúbrica e o contido do artigo 2 quedan redactados como segue:

«Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Teñen a obriga de comunicar os seus datos no prazo de 3 meses desde o inicio da súa actividade ao rexistro da comunidade autónoma onde teña previsto o inicio das súas actividades ou, en defecto deste, ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, os seguintes suxeitos:

1. En réxime de libre establecemento, todos os prestadores que desexen establecerse en España, xa sexan:

- a) De nacionalidade española,
- b) De nacionalidade dun Estado membro, ou
- c) De nacionalidade dun Estado terceiro, non pertencente á Unión Europea.

2. En réxime de libre prestación de servizos, a única obriga para o prestador consistirá en comunicar o inicio das súas actividades en España ao rexistro da comunidade autónoma onde teña previsto comezar a súa prestación. Non será necesaria ningunha comunicación de datos cando o prestador de servizos xa estiver establecido nalgún Estado membro de la Unión Europea. En defecto de rexistro autonómico, a precitada comunicación de inicio de actividade deberá dirixirse ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.»

Catro. A rúbrica e o contido do artigo 3 quedan redactados como segue:

«Artigo 3. *Funcións do Rexistro.*

O Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio terá as seguintes funcións:

1. Inscribir de oficio, no prazo de 3 meses desde o comezo da súa actividade, as empresas de venda a distancia cuxas ofertas se difundan polo territorio nacional.

A inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia efectuarase cos datos e as modificacións sobre eles que se faciliten, entre os que en todo caso deben figurar os datos relativos á identificación da empresa, produtos ou servizos que configuran a súa oferta comercial, e o lugar onde os consumidores poidan dirixir as súas queixas e reclamacións.

Cando a venda a distancia de produtos se realice a través das técnicas que prevé o artigo 5 deste mesmo real decreto, e ademais se efectúe por medios electrónicos, con carácter voluntario poderá achegarse constancia rexistral do nome de dominio e a súa substitución, de conformidade cos preceptos contidos na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

2. Expedir as oportunas certificacións acreditativas ás empresas inscritas no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia que así o soliciten, de acordo cos formatos definidos no anexo, xunto ás cales se facilitará un número de rexistro de carácter nacional coa data de alta nel.

Sempre que o interesado así o solicite, os certificados administrativos en soporte papel poderán ser substituídos por documentos administrativos electrónicos, de acordo coa normativa vixente.

O certificado expedido polo Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia unicamente acredita a comprobación pola autoridade administrativa de que os datos que constan no rexistro coinciden cos facilitados no formato de «comunicación de datos» que se tiveren cursado.

As empresas de venda a distancia están autorizadas a facer constar nos seus anuncios comerciais os datos relativos ao rexistro e o seu número de identificación nacional.

3. Elaborar, polo menos cunha periodicidade anual, unha relación actualizada de empresas inscritas no Rexistro, e a súa remisión ás comunidades autónomas.

4. Actualizar os cambios ou alteracións nos datos que consten en poder do Rexistro. Para tal fin, as empresas de vendas a distancia deberán comunicar as variacións producidas ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, no prazo máximo de tres meses desde que se produzan, e o cesamento na actividade no momento en que teña lugar.»

Cinco. A rúbrica e o contido do artigo 4 quedan redactados como segue:

«Artigo 4. *Procedemento para a comunicación de datos ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.*

1. En calquera caso, para a inscrición rexistral as empresas achegarán ao rexistro da comunidade autónoma onde teñan a súa sede, se nesta estiver constituído, ou, no seu defecto, ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, unicamente unha comunicación de datos onde se manifeste o cumprimento dos requisitos que se conteñen no anexo deste real decreto.

2. Con carácter voluntario e para os efectos de publicidade e información, as empresas de venda a distancia poderán inscribir no Rexistro os datos seguintes:

a) A posesión dun certificado de calidade acreditativo do cumprimento de normas de calidade, e as normas a que se refire o certificado.

b) A adhesión ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos en relación coas queixas que presenten os consumidores.

c) Outros datos que poidan ser considerados de interese público.

3. Corresponderá, en todo caso, ás comunidades autónomas a comprobación dos datos da comunicación no marco das facultades de inspección que legalmente teñan atribuídas.»

Seis. A rúbrica e o contido do artigo 5 quedan redactados como segue:

«Artigo 5. *Técnicas de venda a distancia.*

1. Constitúen técnicas de venda a distancia, para os efectos do artigo 38.1 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, as que practiquen as empresas de comercio retalista que teñan disposto un sistema de contratación a distancia a través das seguintes técnicas de comunicación a distancia:

- a) Catálogo.
- b) Impreso sen ou con destinatario.
- c) Carta normalizada.
- d) Publicidade en prensa con cupón de pedido.
- e) Teléfono.
- f) Radio.
- g) Televisión.

- h) Visiéfono (teléfono con imaxe).
- i) Videotexto.
- j) Fax (telecopia).

2. Exceptúanse do ámbito de aplicación deste real decreto, sen prexuízo das obrigas de comunicación que, de ser o caso, establezan as normas autonómicas de acordo co marco legal vixente, as seguintes empresas:

- a) As empresas que, desenvolvendo a súa actividade comercial en establecemento fixo, esporadicamente puideren realizar vendas a distancia, se o importe destas en ningún caso constitúe valor significativo de venda, nin constitúe actividade ordinaria.
- b) As empresas de servizos da sociedade de información.
- c) As empresas que realicen a prestación de servizos financeiros xa sexa no ámbito dos mercados de valores, institucións de investimento colectivo ou no ámbito bancario ou asegurador.
- d) As empresas de venda de medicamentos, de acordo coa Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.»

Sete. A rúbrica e o contido do artigo 6 quedan redactados como segue:

«Artigo 6. *Obrigas de información das empresas.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 65.1.a) da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e de acordo co que determina o artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á comunicación de datos, ou a non presentación dela ante a Administración competente, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos.

2. No prazo de tres meses desde que se produza calquera alteración dos datos que serviron de base para a primeira comunicación de datos, as empresas de venda a distancia inscritas deberán comunicalo ao Rexistro, especialmente nos seguintes supostos:

- a) Os cambios que afecten a natureza da empresa ou signifiquen cambio do seu obxecto, orientación ou actividade de venda.
- b) Os cambios de domicilio social.»

Oito. A rúbrica e o contido do artigo 7 quedan redactados como segue:

«Artigo 7. *Inscripción no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia e coordinación con outros rexistros autonómicos.*

O Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia coordinarase con aqueles rexistros que poidan establecer as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, en prol de garantir a interoperabilidade técnica entre os rexistros constituídos, de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Novo. A rúbrica e o contido do artigo 9 quedan redactados como segue:

«Artigo 9. *Emendas.*

O prazo que se outorgue para emendas ou para a achega de documentación adicional ao rexistro suspenderá o cómputo estipulado no artigo 2.»

Dez. Renumérase a disposición derradeira cuarta, que pasará a ser a disposición derradeira terceira.

Once. Modifícase a rúbrica do anexo do Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, que queda redactada como segue:

«Formulario de comunicación de datos ao Rexistro de vendas a distancia»

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

O disposto neste real decreto non poderá orixinar aumento de gasto do Estado.

Disposición transitoria primeira. *Interoperabilidade dos rexistros de empresas de vendas a distancia.*

1. As administracións competentes dispoñen do prazo dun ano, contado a partir da entrada en vigor da presente disposición, para garantir a interoperabilidade dos rexistros a que fai referencia o artigo 7 do Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, na redacción dada ao devandito precepto polo presente real decreto.

2. Durante o citado prazo, serán de aplicación os preceptos contidos nas disposicións transitorias segunda e terceira desta norma.

Disposición transitoria segunda. *Comunicacións de datos por parte das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas efectuarán as comunicacións de datos ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, que se incorporarán a este de maneira automática, de forma que se garanta que o Estado poida dispor dun censo actualizado das empresas de vendas a distancia. As comunidades autónomas tamén comunicarán a este rexistro as modificacións sobre estes datos. O Rexistro asignaralle á empresa un número de identificación de carácter nacional.

Disposición transitoria terceira. *Datos comunicados directamente ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.*

Os datos comunicados directamente a este Rexistro incorporaranse a el de xeito automático, e poranse á disposición das comunidades autónomas de forma que se garanta que poidan dispor dun censo actualizado delas. Procederase de igual xeito coas modificacións sobre os datos que se comuniquen directamente ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio para a aplicación do procedemento sancionador en defecto de comunicación de datos.*

Os prestadores que non efectuasen ningunha comunicación de datos ou de inicio de actividade á Administración disporán de 3 meses desde a entrada en vigor desta disposición para efectuala, nos termos en que se dispón no seu artigo 2.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas as seguintes normas:

a) A disposición derradeira segunda do Real decreto 1882/1978, do 26 de xullo, sobre canles de comercialización de produtos agropecuarios e pesqueiros para a alimentación.

b) A Orde do 22 de maio de 1980 sobre o Rexistro Especial de Entidades e Centrais de Distribución a que se refire o Real decreto 1882/1978, do 26 de xullo, sobre canles de comercialización de produtos agropecuarios e pesqueiros para a alimentación.

c) O parágrafo 4 do artigo 4, a disposición transitoria segunda e a disposición derradeira terceira do Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.

d) Todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A nova redacción dos artigos 6.1,7,13,14 e 15 do Real decreto 1882/1978, e a nova redacción dos artigos 1, 2, 3, 4 (números 1 e 2), 5, 6, 7 e 9 do Real decreto 225/2006, así como as disposicións transitorias deste real decreto dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para establecer as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o artigo primeiro, que entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

Formulario de comunicación de datos ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia

SOLICITANTE	PERSOA XURÍDICA	<input type="checkbox"/>
	PERSOA FÍSICA	<input type="checkbox"/>
	ESTRANXEIRO	<input type="checkbox"/>

1

CIF/NIF	EPIGRAFE ACT.	N.º S.S.		
Nome e/ou razón social				
Enderezo (rúa, avda, praza..)			N.º	Piso
C.P.				
Municipio e provincia		País		
Correo electrónico		Teléfono		Fax
CC.AA.				
Establecemento permanente en España		<input type="checkbox"/>	Enderezo	
Nome do dominio				

2. PRODUTO OU SERVIZOS

GRUPO	<input type="checkbox"/>
VENDA A CONSUMIDOR FINAL	
01	Publicacións, discos, libros <input type="checkbox"/>
02	Téxtil e calzado <input type="checkbox"/>
03	Cursos de ensino <input type="checkbox"/>
04	Artigos de deporte e caza <input type="checkbox"/>
05	Enxoval, elect., artigos fogar <input type="checkbox"/>
06	Fotografía, son e óptica <input type="checkbox"/>
07	Reloxaría, xoiaría e bixutería <input type="checkbox"/>
08	Perfumaría, cosmética e parafarmacia <input type="checkbox"/>
09	Coleccións e filatelia <input type="checkbox"/>
10	Alimentos e bebidas <input type="checkbox"/>
11	Equipos, material informático <input type="checkbox"/>
12	Plantas e xardinaría <input type="checkbox"/>
13	Viaxes <input type="checkbox"/>
14	Outros <input type="checkbox"/>

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

00	TODAS-NACIONAL	<input type="checkbox"/>
01	ANDALUCÍA	<input type="checkbox"/>
02	ARAGÓN	<input type="checkbox"/>
03	ASTURIAS	<input type="checkbox"/>
04	BALEARES	<input type="checkbox"/>
05	CANARIAS	<input type="checkbox"/>
06	CANTABRIA	<input type="checkbox"/>
07	CASTILLA-LA MANCHA	<input type="checkbox"/>
08	CASTILLA-LEÓN	<input type="checkbox"/>
09	CATALUÑA	<input type="checkbox"/>
10	COMUNIDADE VALENCIANA	<input type="checkbox"/>
11	EXTREMADURA	<input type="checkbox"/>
12	GALICIA	<input type="checkbox"/>
13	MADRID	<input type="checkbox"/>
14	REXIÓN DE MURCIA	<input type="checkbox"/>
15	NAVARRA	<input type="checkbox"/>
16	PAÍS VASCO	<input type="checkbox"/>
17	LA RIOJA	<input type="checkbox"/>
18	CEUTA	<input type="checkbox"/>
19	MELILLA	<input type="checkbox"/>

4. MODALIDADE DE VENDA

1	CATÁLOGO/CORREO	<input type="checkbox"/>
2	TV	<input type="checkbox"/>
3	PRENSA	<input type="checkbox"/>
4	INTERNET	<input type="checkbox"/>
5	TELÉFONO/FAX	<input type="checkbox"/>
6	RADIO	<input type="checkbox"/>

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN	
Data alta Rexistro:	- -
Data baixa Rexistro:	- -
Data modificación:	- -
N.º REGISTRO ADMINISTRACIÓN CENTRAL	

SIGNATURA AUTORIZADA

CON CARÁCTER VOLUNTARIO:

	SI	NON
Comunícase que se dispón dalgún certificado de calidade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Empresa adherida ao sistema arbitral de consumo ou outros sistemas de resolución extraxudicial de conflitos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Desexa que se poida acceder á súa páxina web a través dun enlace na páxina do Ministerio	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

O presente formulario queda suxeito a posible revisión e modificación posterior mediante orde ministerial, unha vez aprobado en Conferencia Sectorial.